



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 8 DE FEBREIRO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugardos: José Antonio López Sueiro, representante do Concello de Mugardos.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Accidental Fidel García Martul, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta ou actas das sesións anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes quedan aprobadas as actas das sesións de 14 de decembro de 2015 e 11 de xaneiro de 2016.

2. Resolución da reclamación presentada contra o orzamento da Mancomunidad do exercicio 2016 e, no seu caso, aprobación definitiva do orzamento.

O Pleno da Mancomunidad na sesión celebrada o día 14 de decembro de 2015 acordou aprobar inicialmente o orzamento para o exercicio 2016.

Durante o período de exposición pública presentouse con data 15 de xaneiro de 2016 unha reclamación contra o mesmo por dona Paula María Vázquez Carrasco en calidade de Oficial Maior do Concello de Ferrol.

Visto o informe da Intervención da Mancomunidad no que se indica que a reclamación presentada non encaixa en ningún dos supostos do artigo 170 do RDL 2/2004, o Pleno da Mancomunidad acorda:

1.- Rexeitar a alegación presentada por dona Paula María Vázquez Carrasco e aprobar o Presuposto para o exercicio para o ano 2016 cuxo resumo por capítulos é o seguinte:



RESUMO A NIVEL DE CAPÍTULOS E CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:
ESTADO DE GASTOS (Euros)

a.1) OPERACIÓNS CORRENTES		
Cap. I - Gastos de persoal	103.128,19	22,11%
Cap. II - Compras de bens e servizos	363.250,70	77,89%
Cap. VI- Inversions reais	0,00	0,00%
TOTAL GASTOS:	466.378,89	100,00%

ESTADO DE INGRESOS (Euros)

ESTADO DE INGRESOS		
Cap. III - Taxas e outros ingresos	24.130,00	5,17%
Cap. IV – Transferencias correntes	440.746,87	94,50%
Cap. V - Ingresos patrimoniais	1.502,02	0,32%
Cap. VII – Transferencias de capital	0,00	0,00%
Cap. VIII-Activos Financieros	0,00	0,00%
TOTAL INGRESOS:	466.378,89	100,00%

2.- Analizar a reclamación de dona Paula María Vázquez Carrasco nunha próxima sesión da Mancomunidade.

3. Ratificación da solicitude realizada á convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016

Examinada a memoria xustificativa dos proxectos e o formulario de solicitude, por unanimidade das persoas asistentes acórdase ratificar o decreto do presidente coa seguinte transcripción literal:

“DECRETO

Examinada a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia,

RESOLVO:

Solicitar unha subvención ao abeiro desta Orde, e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela para o proxecto denominado ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NO ANO 2016, cun orzamento total de 118.501,10 €, integrado polas seguintes actuacións:

- SERVIZO MANCOMUNADO DE XESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (GASTOS DE FUNCIONAMENTO): 59.200,00 €*
- SANEAMENTO DO REFUXIO MANCOMUNADO DE ANIMAIS (INVESTIMENTO): 59.301,10 €*

Deste xeito o manda e asina o Presidente da Mancomunidade, a 27 de xaneiro de 2016, do que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente

O Secretario

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Leopoldo Moure García”

En relación coas melloras previstas no Refuxio de Animais, acórdase estudar e valorar economicamente a ampliación deste centro para aumentar a súa capacidade.



4. Presentación de proxecto e aprobación de achegas ao convenio coa Xunta de Galicia para a promoción turística de Ferrolterra no ano 2016.

Examinado o proxecto remitido pola xerencia da Mancomunidade á Axencia Turismo de Galicia, por unanimidade das persoas asistentes acórdase:

1. Aprobar o contido do mesmo, suxeito á revisión técnica pola Axencia.
2. Aprobar o seguinte cadro de financiamento do proxecto, no que se fixan as achegas a realizar por cada un dos concellos:

Achegas dos Concellos da Mancomunidade		
Concello	Poboación	Achegas
Ares	5743	552,63 €
Cabanas	3299	317,45 €
Cedeira	7062	679,55 €
Fene	13385	1.287,99 €
Ferrol	69452	6.683,13 €
Mugardos	5362	515,97 €
Narón	39565	3.807,21 €
Neda	5261	506,25 €
Valdoviño	6753	649,82 €
Total Mancomunidade	155882	15.000,00 €
Achega da Xunta de Galicia		60.000,00 €
Total Orzamento do Convenio		75.000,00 €

5. Dar conta da concesión do Premio Cooperera 2015 e presentación de proxecto para a Casa de Acollida.

Examinado o informe da Xerencia a continuación transcrito literalmente:

**“ADAPTACIÓN DO ORZAMENTO E ACHEGAS PARA O PROXECTO PILOTO DE XESTIÓN
COMPARTIDA DO SERVIZO DE CASA DE ACOLLIDA.
(03/02/2016)**

Ao abeiro da Orde do 30 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2015 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e



áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Mancomunidade presentou á convocatoria a proposta "Proxecto piloto de xestión compartida do servizo de casa de acollida".

Dito proxecto consiste na mellora do servizo da Casa de Acollida de Ferrol mediante a ampliación do persoal dedicado a ela a través da colaboración dos nove concellos, para o cal se establece un orzamento de 154.000,00 €.

Mediante resolución do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia Administracións Públicas concedeuse á Mancomunidade o 2º premio por esta proposta, cun importe de 25.000 €.

O artigo 12. 2 da Orde establece expresamente que a concesión dos premios regulados nesta orde non está vinculada á execución dos proxectos.

Tendo en conta posibles dificultades para a execución inmediata da totalidade do proxecto, de acordo coas prioridades indicadas pola Concelleira responsable do servizo, fórmulase a seguinte adaptación do orzamento do proxecto, e indicase a continuación o reparto das achegas con criterio poboacional:

Adaptación do orzamento			
Posto	Nº traballadoras	Xornada	Custos laborais anuais
Educadora social	1	100,00%	46.000,00 €
Auxiliar coidadora	1	100,00%	28.000,00 €
Total			74.000,00 €
Importe subvencionado			25.000,00 €
Total			49.000,00 €

Achegas dos Concellos da Mancomunidade		
Concello	Poboación	Achegas
Ares	5743	1.805,26 €
Cabanas	3299	1.037,01 €
Cedeira	7062	2.219,87 €
Fene	13385	4.207,45 €
Ferrol	69452	21.831,56 €
Mugardos	5362	1.685,49 €
Narón	39565	12.436,88 €
Neda	5261	1.653,74 €
Valdoviño	6753	2.122,74 €
Total	155882	49.000,00 €

*Ferrol, 3 de febreiro de 2016,
O Xerente da Mancomunidade*

Asdo.: Luis Alcalá Baillie"

As persoas asistentes acordan elaborar un convenio entre a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e o concello de Ferrol para a materialización deste proxecto.

Así mesmo, á vista da proposta de protocolo de actuación coordinada elaborada pola Directora da Casa de Acollida, acórdase continuar a consulta sobre o protocolo cos correspondentes técnicos municipais.

6. Aprobación, se procede, de convenios de colaboración con entidades.

Preséntase ao Pleno a proposta de acordo que eleva o Presidente, elaborada pola Xerencia, informada favorablemente pola Secretaría e fiscalizada pola Intervención, para a sinatura dun convenio coa Asociación Parkinson Ferrol de conformidade co proxecto remitido pola entidade co título "Abordaxe multidisciplinar en persoas coa enfermidade Parkinson".

Preséntase así mesmo o proxecto remitido pola Asociación de Persoas Xordas de Ferrol denominado "SignaTerra: Servizo de superación de barreiras comunicativas a través da acción



integral da interpretación, inclusión e empoderamento da comunidade xorda”.

Tendo en conta que diversas entidades solicitan o apoio da Mancomunidade e co obxecto de evitar tratos discriminatorios, acórdase non continuar o procedemento para a sinatura individual de convenios e iniciar a elaboración dunha convocatoria aberta de axudas a entidades.

7. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

O Xerente informa de que, segundo as consultas realizadas, o canal de TDT encóntrase dispoñible para a súa explotación pola Mancomunidade, e indica que o asunto pódese abordar con máis detalle nun próximo pleno.

O alcalde informa sobre a próxima reunión coa Xunta de Galicia sobre o convenio do transporte metropolitano.

8. Audiencia a ASFEDRO.

Asisten en representación de ASFEDRO Gerardo Sabio, Director Técnico-Psicólogo de Asfedro, e Helena Insua, Traballadora social e coordinadora dos programas.

Os representantes da entidade expoñen a proposta de realización no ámbito xeográfico de Ferrolterra dos novos programas de intervención en penas e medidas alternativas deseñados pola Secretaría General de Instituciones Penitenciarias do Ministerio de Interior, e comprométense a remitir un proxecto que inclúa o orzamento desta actividade para que sexa estudado pola Mancomunidade.

9. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García